

Balea vasca

Outros nomes:

Ballena vasca o franca septentrional (ESP)
Euskal balea (EUS)
Baleia negra (POR)
Northern right whale (ENG)
Nordkaper (DAN)
Baleine du nord (FRA)
Nordkaper (DEU) (Alemán)



Fotos: © Arcos/Mosquera


Características

Corpo robusto, cabeza enorme e rostro arqueado. Os maxilares están fortemente curvados. O tamaño oscila entre 11-18 m de lonxitude, sendo as femias lixeiramente máis grandes que os machos. Os espiráculos están moi separados entre si, formando unha V. Presenta entre 200-270 barbas por hemimandíbula. Esta balea carece de aleta dorsal e pregues na groxa. As aletas pectorais son grandes e espatuladas. Son características unhas calosidades na parte superior da cabeza, dos ollos, e na parte central das mandíbulas.

Alcanzan a madurez sexual a partir dos 7-10 anos, cando superan os 15 metros de lonxitude. Os partos acontecen no inverno, tras un período de xestación dun ano. A femia pare unha única cría cada 3 ou 5 anos.

Aliméntase exclusivamente de plancto, principalmente copépodos, e ocasionalmente de krill. A técnica de alimentación baséase en varrer coa boca aberta a superficie da auga, filtrando constantemente o alimento coas súas barbas.

Surtidor e serie de inmersión



Navega en solitario ou en grupos pequenos, de 3 a 6 exemplares. Nas zonas de alimentación pódense concentrar varios individuos. Nada amodo e polo xeral non fuxe dos barcos. Realiza saltos fóra da auga e ao mergullarse saca a aleta caudal sobre a superficie. Cando emerxe pódese observar o chafariz dobre, en forma de V, que parece proxectado cara adiante, ata unha altura de 3 a 4 metros. Habita preferentemente augas costeiras ou próximas á plataforma continental.





Ilustración: © Tokio

Un dos mamíferos máis ameazados do mundo. Foi das primeiras baleas cazadas dende a costa na Idade Media. A finais do século XVII desaparece das costas do Golfo de Bizkaia, ficando recluída nas augas circumpolares, onde foi cazada dende entón por baleeiros do norte de Europa.

Durante o século XIX a caza foi moi intensa por parte dos baleeiros americanos e a principios do XX a caza baleeira case extermina por completo a súa poboación, estando protexida dende 1930. A supervivencia desta especie está ameazada na actualidade.

Existe un número reducido de animais no Atlántico noroccidental. No Atlántico nororiental, cóñecense observacións duns poucos individuos, como o exemplar avistado fronte a Estaca de Vares (Galicia), en 1993. Pénsase que son divagantes da poboación americana.



Situación de protección

A **Directiva Hábitat (92/43/CEE)** da UE, **relativa á conservación dos hábitats Naturales e da Fauna e Flora Silvestres**, nace como contribución da Unión Europea ao Cumio de Río para a conservación da biodiversidade (1992). Esta Directiva baséase por unha banda na designación de áreas de interese para as especies, denominada Rede Natura 2000, e no establecemento dun réxime común de protección para as especies estritamente protexidas.

No Anexo II recóllense as Especies animais e vexetais de interese comunitario que precisan da designación de zonas especiais de conservación. Entre estas especies figuran varias especies de cetáceos.

A transposición desta normativa á lexislación española e autonómica dá lugar á inclusión da especie na categoría de protección de **En Perigo de Extinción**.



Fotos: © Arcos/Mosquera

Ameazas

Esta especie sofre as ameazas das actividades humanas:

Captura accidental en faenas pesqueiras

Contaminación química e acústica

Destrución do hábitat

Sobrepesca

Acoso e persecución por embarcacións de recreo

Impacto da navegación

A análise das ameazas, e a súa incidencia, indica que é necesario a rectificación das mesmas, eliminándoas ou minimizándoas, para garantir a supervivencia e bo estado da especie.

Proxecto para a conservación das especies de cetáceos

Para a posta en marcha dos **Plans de Conservación** das especies de cetáceos protexidas, necesítase unha recompilación de información mínima relativa á ecobiología básica dispoñible da especie, parámetros mínimos de información comportamental, ameazas potenciais e ao establecemento de medidas de conservación. Para iso lévase a cabo o proxecto: **Bases para o desenvolvemento dos plans de conservación das especies de cetáceos protexidas na "Demarcación mariña noratlántica"**.

Ten como obxecto a realización dun completo catálogo recompilatorio de información das especies de cetáceos incluídas no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da **Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas**, que están presentes no Norte Peninsular, de Galicia a Euskadi, así como nas augas da Zona Económica Exclusiva do Estado Español no Noroeste e Golfo de Biskai, das que se teña información.

Este proxecto impulsado por **CEMMA-INT** conta coa colaboración de todas as entidades ambientais que traballan en cetáceos do Norte: **AMBAR, CEMMA, CEPESMA, e EIBE**, contando ademais coa colaboración dos máis importantes investigadores do Sur de Europa.

Organizan:

CEMMA-INT
www.cemma.org
localcemma@arrakis.es

AMBAR
www.ambarcetaceos.com/

CEPESMA
www.cepesma.org

EIBE
www.eibeh.org



Coa colaboración de:



Balea vasca

Eubalaena glacialis

